

respecto ós puntos 1, 2 e 3 do artigo 17 do Regulamento (CE) 1051/2001.

c) Antes do 5 de maio de cada ano:

1.º O balance das cantidades para as que se recoñese o dereito á axuda dentro da campaña en curso, desagregadas por cada período ó que sexa aplicable un prezo de mercado mundial diferente.

2.º O balance das cantidades de algodón ó que, cumpríndose o disposto no artigo 12 do Regulamento (CE) 1051/2001, se lles quitase a semente para a campaña en curso por conta dun produtor individual ou dunha agrupación de produtores.

3.º A calidade media do algodón sen semente e o rendemento en algodón sen semente e en sementes de algodón que rexistre a campaña en curso.

d) Antes do 20 de agosto de cada ano:

1.º As superficies sementadas de algodón durante o ano que corre, adaptadas, se é o caso, de acordo co punto 2 do artigo 9 do Regulamento (CE) 1591/2001.

2.º A estimación da produción de algodón sen quita-la semente que corresponda a esas superficies.

e) Antes do 15 de novembro de cada ano:

1.º O balance, o máis recente posible, das cantidades suxeitas a control.

2.º Unha nova estimación da produción de algodón sen quita-la semente.

f) En caso de observar irregularidades significativas que afecten o 5 por 100 ou máis das superficies controladas en virtude da alínea a) do punto 1 do artigo 13 do Regulamento (CE) 1591/2001, o carácter destas xunto coas medidas que adoptasen.

g) Se, en aplicación do parágrafo segundo do punto 3 do artigo 6 do Regulamento (CE) 1591/2001 se decidise a conveniencia de fixar para a presentación das solicitudes de suxeición a control unha data límite anterior ó 31 de marzo, esta data deberá ser comunicada para a súa posible adopción cunha antelación mínima de 40 días.

h) Se, en aplicación do parágrafo segundo do punto 3 do artigo 6 do Regulamento (CE) 1591/2001, se decidise autoriza-la suxeición a control dentro dos últimos cinco días do mes de marzo, tal decisión deberá ser comunicada como máis tardar 15 días antes de que se inicie ese período.

Disposición adicional única. *Informes sobre situación ambiental.*

Antes do 30 de xuño de 2004, as comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe sobre a situación ambiental do sector do algodón e a incidencia das medidas que se adopten ás que se refiren os artigos 4, 5 e 6.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.ª da Constitución que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito da súa competencia, as

medidas precisas para o cumprimento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modifica-las datas de presentación dos documentos, de modo coordinado co que a normativa comunitaria estableza para o efecto, e para modifica-la superficie exceptuada no punto 2 do artigo 6, en función do desenvolvemento das campañas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación na campaña de comercialización 2002/2003 e seguintes, con excepción do disposto no artigo 6 que será de aplicación na campaña de comercialización 2003/2004 e seguintes e no artigo 8 que será de aplicación á entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 5 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

7770 *ORDE APA/880/2002, do 17 de abril, pola que se actualiza o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.* («BOE» 98, do 24-4-2002.)

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece os requisitos que deben cumprilos animais da especie canina para a súa inclusión no libro xenealóxico correspondente, incorporando nun anexo a listaxe das razas caninas españolas cos seus prototipos raciais e facultando, na súa disposición derradeira terceira, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dicta-las disposicións necesarias para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, logo do informe do Comité de Razas de Gando de España establecido polo Real decreto 1682/1987, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España.

Na pasada reunión do citado comité, que tivo lugar o día 4 de decembro de 2001, foi proposta e admitida a inclusión dunha variedade dunha raza canina española no anexo do Real decreto 558/2001.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, o sector, así como entidades científicas en materia de reprodución, selección e xenética animal.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Inclusión dunha variedade dunha raza canina española.*

Inclúese no anexo do Real decreto 558/2001, como raza canina española, co seu prototipo racial, a seguinte:

Variedade «lletsua» do Euskal Artzain Txakurra (can de pastor vasco)

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de abril de 2002.

ARIAS CAÑETE

PROTOTIPO RACIAL DO EUSKAL ARTZAIN TXAKURRA (CAN DE PASTOR VASCO), VARIEDADE ILETSUA

I. Aparencia xeral.

Eumétrico, lonxilíneo, de tronco forte e rectangular. Con angulacións dun trotador. Corpo cuberto por un manto típico de pelo máis sedoso có da variedade Gorbeiakoa. De capas louras ou leonadas e canelas.

a) Proporcións importantes: a relación entre alzada e lonxitude é próxima ó 1/1,2 en ámbolos sexos e entre cranio e cara de 5/5.

b) Temperamento e comportamento: adoita ser un can que establece un estreito vínculo co seu dono ó que lle é fiel incondicionalmente. De clara e marcada territorialidade.

c) Utilización: can de pastor.

II. Cabeza.

De liñas cranio-faciais diverxentes e perfil cranial subconvexo. De forma troncopiramidal alongada, máis ben liviá en comparación co desenvolvemento do tronco. Cuberta de pelo máis curto ca no resto do corpo e sen tapa-los ollos. Dimorfismo sexual pouco marcado.

a) Cranio: de gran lonxitude, suavemente rectangular. Protuberancia occipital moderadamente marcada. Suave meseta na parte central do cranio. Arcos superciliares marcados e concas difuminadas.

b) Cara: perfil superior recto ou suavemente subconvexo no seu extremo distal.

c) Nariz: recto, non excesivamente dilatado. A trufa é sempre de cor negra.

d) Fuciño: lixeiro, perfil superior recto ou levemente subconvexo no seu extremo distal. De cor canela máis intensa có resto do corpo ou negra. Pelo curto.

e) «Stop»: netamente definido, sen esaxeracións.

f) Beizos: firmes e axustados, non flácidos nin pesados, cubrindo ben o maxilar inferior. Non forman comisura labial marcada. Pigmentados en negro.

g) Mandíbula-dentes: forte, completa, ortognato. Mordida en tesoiira.

h) Ollos: medianos, ovalados, con pálpebras negras e iris castaño e ámbar. De posición subfrontal.

i) Orelas: prioritariamente por riba da liña de prolongación do vértice extremo do ollo. Medianas. Triangulares e, ás veces, con prega no seu tercio proximal que a inclina cara a atrás.

III. Pescozo.

Máis ben curto, cilíndrico e de bo desenvolvemento muscular. De suave inserción na cabeza e máis amplo no tronco.

IV. Tronco.

Costelares arqueados e medianamente profundos.

a) Cruz: definida. Longa, pero escasamente pronunciada que se continúa por un dorso amplo. De lonxitude media, recto e de gran fortaleza.

b) Costas: escápula moderadamente inclinada de suave transición cos costelares. De forte desenvolvemento muscular.

c) Lombo: recto, firme incluso en movemento. Curto en relación co dorso e ben musculado.

d) Cruz dos cadrís: de amplos desenvolvementos tanto en lonxitude como en largura, resultando ambas similares. A angulación da inclinación da cruz dos cadrís oscila entre 30° e 40°.

e) Peito: moderadamente largo, máis ben profundo.

f) Abdome: lixeiramente recollido.

V. Rabo.

Inserción media-alta, chegando ata o xarrete. De gran mobilidade. Longo e formando cóbado en repouso. Pode adoptar tres posicións:

En descanso: baixo.

En atención: bandeira.

En actividade: fouce.

VI. Extremidades anteriores.

a) Aparencia xeral: ben verticais, secas e fortes, con tendóns de gran desenvolvemento e marcados. Recubertas de pelo curto na parte anterior e con flecos na posterior.

b) Ombros: pouco manifestos e de adecuado desenvolvemento.

c) Brazos: fortes, non moi longos.

d) Cóbados: paralelos e ben pegados ó corpo. Coincidentes coa liña do esterno.

e) Antebrazos: de gran fortaleza, verticais e algo máis longos cóos brazos.

f) Carpos: de gran desenvolvemento.

g) Metacarpos: curtos, fortes e ben aplomados.

h) Pés: ovalados, con polpas duras e resistentes.

VII. Extremidades posteriores.

a) Aparencia xeral: moi fortes, paralelas en vista posterior e capaces de impulsa-lo animal con potencia. Moderada angulación.

b) Coxas: moi fortes, con bo desenvolvemento muscular, máis ben longas.

c) Xeonllos: marcados sen esaxeración, cunha angulación entre 115° e 120°.

d) Pernas: fortes e musculadas. De planos musculares rectos ou algo convexos.

e) Xarretes: descendidos sen exceso. Secos. Con punta do xarrete apreciable.

f) Metatarsos: curtos, potentes e verticais.

g) Pés: ovalados. Cun ou dous esporóns en cada extremidade ou sen eles.

VIII. Movemento.

A característica dos cans de pastor é o trote. Suave, amplo, fácil, con bo empuxe traseiro, a cabeza en prolongación ó tronco.

IX. Pel.

Máis ben grossa, axustada ós planos musculares e relevos óseos.

X. Pelo.

Moderadamente longo, áspero, de aspecto rústico. Máis curto en cara e parte anterior das extremidades.

XI. Cor.

Loura ou leonada e canela.

XII. Tamaño e peso.

Altura á cruz:

Machos: 47 a 63 centímetros.

Femias: 46 a 58 centímetros.

Peso:

Machos: 18 a 33 quilogramos.

Femias: 17 a 30 quilogramos.

XIII. Faltas.

Comúns ás dúas variedades. As que supoñan unha desviación clara do tipo ou as que impliquen problemas

hereditarios que prexudiquen a saúde ou a función da raza.

A gravidade das faltas considerarase en proporción ó grao da desviación do estándar. Os machos deben presentar dous testículos en perfecto desenvolvemento dentro do escroto.

Defectos descualificables:

Defectos da dentición: prognatismo, ausencia de máis de dous premolares, perda de incisivos ou caninos.

Defectos das orellas: orellas amputadas.

Ausencia de «stop».

Defectos dos ollos: animais cegos, fortes ou faltos de visión, iris de cor azul ou verde.

Rabo: curto de nacemento, amputado, excesivamente longo.

Pelo: ausencia de pelo nalgunha rexión onde é característico.

Cor: capas de cor branca, negra ou gris e manchas brancas ou escuras.

XEFATURA DO ESTADO

7895 *LEI 7/2002, do 24 de abril, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 52.771.736,84 euros, para atende-lo pagamento da débeda da Confederación Hidrográfica do Segura con «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima».* («BOE» 99, do 25-4-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a habilitar os recursos necesarios para que a Confederación Hidrográfica do Segura poida aboa-la débeda que ten pendente de pagamento con «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima», e os xuros correspondentes.

O Tribunal Superior de Xustiza de Murcia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, na súa sentenza do 31 de marzo de 1999, resolveu o recurso contencioso-administrativo interposto por «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima».

A compañía solicitaba na súa demanda que se anularan por seren contrarios a dereito os actos e resolucións da Confederación Hidrográfica do Segura mediante os que se acordou non aboar integramente as facturas xiradas ó seu cargo desde xaneiro de 1990 por «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima», pola prestación do servizo de elevación de caudais do acueducto Tajo-Segura.

O punto 2 da decisión xudicial estima o recurso contencioso-administrativo anulando e deixando sen efecto o acto impugnado, así como o aprobado polo presidente da Confederación Hidrográfica do Segura o 3 de xuño de 1991, decidindo aboar parcialmente as facturas.

O punto 1 da decisión xudicial non estima unha serie de facturas correspondentes ós anos 1993, 1994 e 1995 relativas á elevación de auga á cabeceira do acueducto Tajo-Segura, en canto se amplía na demanda

ás facturas correspondentes a exercicios posteriores non incluídas na reclamación inicial.

Nembargantes, estas facturas atópanse na mesma situación cás recollidas no punto 2 da decisión xudicial, sendo, por tanto, necesario aboarlle á compañía o importe pendente de pagamento.

Coa finalidade de atende-las obrigas mencionadas, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 52.771.736,84 euros á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», «Transferencias entre subsectores», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 41 «A organismos autónomos», concepto 413 «Á Confederación Hidrográfica do Segura para o pagamento da débeda con «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima»».

O crédito extraordinario a que se refire o parágrafo anterior reflectirase no orzamento do organismo autónomo 23.232 «Confederación Hidrográfica do Segura», nos termos seguintes:

Repercusión no orzamento do organismo autónomo 23.232 «Confederación Hidrográfica do Segura»:

Orzamento de ingresos

Aplicación	Denominación	Importe — Euros
Artigo 40.	Da Administración do Estado.	
Concepto 400.	Do departamento ó que está adscrito	52.771.736,84
Total ingresos		52.771.736,84

Orzamento de gastos

Aplicación	Denominación	Importe — Euros
Programa 512 A.	Xestión e Infraestructura de recursos hidráulicos.	
Artigo 22.	Material, subministracións e outros.	
Concepto 229.	Para pagamento da débeda a «Unión Eléctrica Fenosa, Sociedad Anónima», por subministración de enerxía eléctrica, incluídos xuros de demora	52.771.736,84
Total gastos		52.771.736,84

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co